



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 172

V lexislatura

28 de outubro de 1998

SUMARIO

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

3.2.3. RESOLUCIÓNS APROBADAS

—Resolucións subseguintes ó debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. 6.627

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

4.1. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

4.1.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN

—Solicitud de comparecencia, por iniciativa de D.^a Rosa Darriba Calviño e tres deputados máis, do Sr. conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, para informar sobre as contradicións existentes entre a propaganda e a realidade nos investimentos en ferrocarril (núm. 5.587. Comisión 2.^a). 6.630

4.3. PREGUNTAS

4.3.1. PREGUNTAS ORAIS EN PLENO

—Pregunta oral en Pleno, formulada por D.^a Rosa Darriba Calviño e D. Francisco Trigo Durán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación na que se atopa a construción dun novo porto na Guarda (núm. 5.583). 6.631

4.3.2. PREGUNTAS ORAIS EN COMISIÓN

—Pregunta oral en Comisión, formulada por D.^a Rosa Darriba Calviño e D.^a María Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o depósito de pneumáticos usados nunha leira rodeada de arborado e próxima a unha gasoleneira na Reigosa (Ponte Caldelas), as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Medio Ambiente para evitar estas situacións e a normativa existente ó respecto (núm. 5.572. Comisión 2.^a). 6.632

—Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o estado de total deterioración da estrada comarcal de Liber-O Portelo, no concello de Cervantes (Lugo) (núm. 5.573. Comisión 2.^a). 6.633

—Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque

SUMARIO

- Nacionalista Galego, sobre a creación dunha praia fluvial no contorno do río Cabe, en Monforte de Lemos (núm. 5.574. Comisión 2.^a). 6.634
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Alfredo Suárez Canal e D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o atraso no remate da estrada Ourense-Lugo (núm. 5.576. Comisión 2.^a). 6.634
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D.^a Rosa Darriba Calviño e D. Francisco Trigo Durán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da demora do selado do vertedoiro de cabo Silheiro e as previsións existentes respecto do da Guarda (núm. 5.584. Comisión 2.^a). 6.635
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D.^a Rosa Darriba Calviño e D. Francisco Trigo Durán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións existentes respecto da dragaxe da dársena do porto da Guarda e a dotación a este dos servizos mínimos necesarios (núm. 5.585. Comisión 2.^a). 6.636
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D.^a Rosa Darriba Calviño e D. Francisco Trigo Durán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a consellería competente e as razóns da non posta á disposición do Ministerio de Medio Ambiente dos terreos adxacentes ó río Louro para a realización das obras do seu saneamento e as xestións ou o prazo previsto para o seu remate (núm. 5.586. Comisión 2.^a). 6.636
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Xosé Francisco Ferreiro Abelleira, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da demora da incorporación ós postos de traballo dos opositores e opositoras aprobados nas oposicións realizadas no Hospital Provincial de Ourense (núm. 5.588. Comisión 5.^a). 6.637
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación do saneamento gandeiro no concello de Xove (núm. 5.571. Comisión 7.^a). 6.637
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a pesca da anguía nos caneiros de Portomarín (núm. 5.575. Comisión 8.^a). 6.638
- 4.3.3. PREGUNTAS POR ESCRITO
- Pregunta por escrito, formulada por D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións de mellora da subministración de enerxía eléctrica na comarca do Deza (núm. 5.568). 6.639
- Pregunta por escrito, formulada por D. Xesús Vega Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da paralización da execución do proxecto de mellora do firme e acondicionamento da estrada AC-261, entre Aríns e O Rodiño, e as previsións respecto do seu reinicio e remate definitivo (núm. 5.580). 6.639
- Pregunta por escrito, formulada por D. Xesús Vega Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a construción dun novo centro de ensino secundario en Frades e as previsións respecto do comezo e remate das obras (núm. 5.581). 6.640

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

3.2.3. RESOLUCIÓNS APROBADAS

Resolucións subseguintes ó debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, na sesión que tivo lugar o día 14 de outubro de 1998, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñe-la situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución”, aprobou as seguintes resolucións:

Resolución relativa á potenciación do sector audiovisual galego.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a continuar coas accións de potenciación do sector audiovisual galego e coas axudas e a promoción de novos creadores e novas creadoras, tendo en conta o cada vez máis sólido tecido social que neste eido ten Galicia.”

(Resolución núm. 10, por iniciativa do Grupo Parlamentario Mixto —doc. núm. 5.554—, aprobada por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 17 abstencións, con modificacións respecto do texto orixinal.)

Resolución relativa á configuración do consello recollido no artigo 131 da Constitución española.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que solicite do Goberno do Estado o cumprimento do preceptuado no artigo 131 da Constitución, coa configuración dun consello que recolla con claridade a participación das comunidades autónomas, tal como se prevé na citada norma constitucional.”

(Resolución núm. 15, por iniciativa do Grupo Parlamentario Mixto —doc. núm. 5.554—, aprobada por unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes, coas modificacións respecto do texto orixinal

derivadas da transacción coa proposta de resolución núm. 5 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.)

Resolución relativa á postura que debe mante-lo presidente da Xunta de Galicia no seo da Ponencia para a Reforma Constitucional do Senado.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que siga a manter a través das actuacións do seu presidente no seo da Ponencia para a Reforma Constitucional do Senado unha postura inequívoca que garanta a ineludible territorialización da Cámara alta que permita a participación real e efectiva das comunidades autónomas e converta o Senado en primeira Cámara en todo o que se refira ás comunidades autónomas.”

(Resolución núm. 18, por iniciativa do Grupo Parlamentario Mixto —doc. núm. 5.554—, aprobada por 49 votos a favor, 17 votos en contra e 2 abstencións, coas modificacións respecto do texto orixinal derivadas da transacción coa proposta de resolución núm. 4 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.)

Resolución relativa ó teito competencial que se debe acadar para Galicia.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a logralo máximo teito competencial para Galicia, acadando a transferencia a Galicia de novas competencias a través do artigo 150.2 da Constitución.”

(Resolución núm. 20, por iniciativa do Grupo Parlamentario Mixto —doc. núm. 5.554—, aprobada por unanimidade dos 70 deputados e deputadas presentes.)

Resolución relativa á violencia doméstica.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude presente neste Parlamento o Plan de loita contra a violencia doméstica xa aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.”

(Resolución núm. 28, por iniciativa do Grupo Parlamentario Mixto —doc. núm. 5.554—, aprobada por unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes, coas modificacións respecto do texto orixinal derivadas da transacción coa proposta de resolución

núm. 64 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.)

Resolución relativa á flota pesqueira que faena ó amparo do acordo entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a dirixirse ó Goberno do Estado para que este siga reclamando e traballando no seo da Unión Europea para garanti-lo futuro da flota que faena ó amparo do acordo entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos, fixándose como obxectivo prioritario a renegociación nas mesmas condicións do actual acordo que remata o ano próximo.”

(Resolución núm. 39, por iniciativa do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia —doc. núm. 5.555—, aprobada por 55 votos a favor, ningún en contra e 17 abstencións, con modificacións respecto do texto orixinal.)

Resolución relativa á aprobación dun Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que adopte as medidas necesarias para que no transcurso do presente ano sexa aprobado o Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, realizando as oportunas asignacións nos orzamentos de 1999, dándolle conta inmediata ó Parlamento para o seu coñecemento de acordo co que se establece na Lei 12/1993.”

(Resolución núm. 2, por iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego —doc. núm. 5.556—, aprobada por unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes, coas modificacións respecto do texto orixinal derivadas da transacción coa proposta de resolución núm. 5.b) do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.)

Resolución relativa ó cumprimento da norma que vincula a flota pesqueira e o Reino Unido.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a dirixirse ó Goberno do Estado para que este vixie o cumprimento da norma pola que se establece o vínculo económico entre a flota e o Reino Unido, e denuncie o seu incumprimento en caso de violación dela.”

(Resolución núm. 18, por iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego —doc. núm. 5.556—, aprobada por unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes, coas modificacións respecto do texto orixinal derivadas da transacción coa proposta de resolución núm. 36 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.)

Resolución relativa á modernización das explotacións agrícolas.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a realizar os esforzos necesarios para a modernización das explotacións agrícolas, e en concreto:

- Crea-lo marco necesario para aumentar a produtividade das explotacións lácteas, incrementando a produción global en 350 mil toneladas.

- Apoia-las transformacións necesarias nas explotacións gandeiras para que estas sexan competitivas en calquera horizonte, tanto de sistema con cotas coma dun sistema sen elas.

- Potencia-la diversificación nas explotacións agrícolas.

- Fomentar, especialmente entre a xuventude agrícola, novas orientacións na produción, e en concreto dentro do campo da horta e da flor.”

(Resolución núm. 1, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 5.557—, aprobada por 41 votos a favor, ningún en contra e 31 abstencións.)

Resolución relativa ó impulso do proceso de transferencia de competencias do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que siga impulsando o proceso de transferencias do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, que a ten situada entre as comunidades con maior teito competencial, utilizando especialmente, nos casos que sexa posible, a vía do artigo 150.2 da Constitución española, como se fixo coa Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, que ampliou o teito estatutario en materia de asociacións, espectáculos públicos, mutua-

lidades de previsión social non integradas na Seguridade Social, colexios oficiais ou profesionais e transporte marítimo.”

(Resolución núm. 2, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 5.557—, aprobada por 53 votos a favor, ningún en contra e 18 abstencións.)

Resolución relativa ó acceso das amas de casa e outros grupos sociais a pensións con garantía pública.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a impulsar a posta en marcha dun sistema de aforro, baseado na figura das mutualidades de previsión social voluntaria, que permita o acceso das amas de casa e doutros grupos sociais a unha pensión con garantía pública.”

(Resolución núm. 3, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 5.557—, aprobada por 41 votos a favor, 2 en contra e 29 abstencións.)

Resolución relativa á materialización dunha conferencia de presidentes, que aglutine o do Goberno da nación e os das comunidades autónomas.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que requira do Goberno central a materialización dunha conferencia de presidentes, que aglutine o do Goberno da nación e os das comunidades autónomas, para que sirva como foro entre as diversas comunidades e o Goberno central.”

(Resolución núm. 6, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 5.557—, aprobada por 41 votos a favor, ningún en contra e 31 abstencións.)

Resolución relativa ó cumprimento dos acordos adoptados no Pacto local.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que se profunde no cumprimento dos acordos adoptados no Pacto local co obxecto de que no horizonte desta lexislatura se acade o máis alto nivel das transferencias das competencias susceptibles de xestión polos municipios.”

(Resolución núm. 7, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 5.557—, aprobada por 55 votos a favor, ningún en contra e 17 abstencións.)

Resolución relativa á extensión da xurisdicción dos estados ribeirás máis alá das 200 millas.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que diante das administracións española e comunitaria, así como en tódolos foros onde participa, siga a facer, como ata agora, os máximos esforzos por evitar calquera intento de prolonga-la xurisdicción dos estados ribeirás máis alá das 200 millas, xa sexa mediante a extensión das zonas económicas (ZEE) ou por medio da promulgación e aplicación de normas propias que lles permitan de feito unha tutela directa ou indirecta máis alá da súa actual xurisdicción.”

(Resolución núm. 8, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 5.557—, aprobada por unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.)

Resolución relativa á territorialización dos procedementos de xestión das bolsas universitarias.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que alcance co Goberno central os acordos necesarios para que se territorialicen en Galicia os procedementos de xestión das bolsas universitarias, de modo que a Comunidade Autónoma participe na xestión, tramitación e fixación de criterios das devanditas bolsas e, se é o caso, se produza a transferencia dos medios necesarios para exercer estas funcións.”

(Resolución núm. 9, por iniciativa Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 5.557—, aprobada por 60 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións.)

Resolución relativa ás conexións ferroviarias con Portugal.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a considerar prioritarias as conexións ferroviarias con Portugal dentro do Plan ferroviario para Galicia.”

(Resolución núm. 10, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm.

5.557—, aprobada por unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.)

Resolución relativa ó fomento da contratación a tempo parcial de carácter estable.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que, en desenvolvemento dos Acordos para o crecemento e o emprego en Galicia 1998-2001, estableza medidas de fomento da contratación a tempo parcial de carácter estable, como medio eficaz para moderniza-la organización do traballo e para favorece-la creación de novos empregos, e en concreto:

1.º) Transformación das horas extraordinarias de carácter estrutural en emprego estable.

2.º) Contratos de traballo fixo a tempo parcial, coas pertinentes garantías.

3.º) Contratos de substitución da actividade profesional nos supostos que se determinen.”

(Resolución núm. 11, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 5.557—, aprobada por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 17 abstencións.)

Resolución relativa ós plans estratéxicos de turismo náutico e termal.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que conceda con carácter prioritario os plans estratéxicos en materia de turismo náutico e termal, co fin de configurar un sector fundamental do tecido productivo galego que contribúa á creación de emprego estable.”

(Resolución núm. 12, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 5.557—, aprobada por 58 votos a favor, ningún voto en contra e 14 abstencións.)

Resolución relativa á mellora do sector turístico.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que adopte medidas de fomento operativas, co fin de incrementar-la cooperación co sector hosteleiro en particular e turístico en xeral, de cara a obter de xeito crecente as máis altas cotas de calidade na dotación das súas empresas e a mellor atención ó usuario. Todo isto de maneira coherente co papel que o turismo xoga como factor de dinamización económica e xerador de

emprego, poñendo en marcha actuacións que incidan directamente no perfeccionamento de tódolos servizos que se poñan á disposición do cliente.”

(Resolución núm. 13, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 5.557—, aprobada por 57 votos a favor, ningún voto en contra e 13 abstencións.)

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 1998

José María García Leira
Presidente

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

4.1. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

4.1.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN

Solicitud de comparecencia, por iniciativa de D.ª Rosa Darriba Calviño e tres deputados máis, do Sr. conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, para informar sobre as contradicións existentes entre a propaganda e a realidade nos investimentos en ferrocarril (núm. 5.587. Comisión 2.ª).

Presidencia

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 20 de outubro de 1998, admitiu a trámite, e acordou o seu traslado á Mesa da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, o escrito no que se solicita, por iniciativa de D.ª Rosa Darriba Calviño e tres deputados máis, a comparecencia do Sr. conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, para informar sobre as contradicións existentes entre a propaganda e a realidade nos investimentos en ferrocarril (núm. 5.587).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 1998

José María García Leira
Presidente

Á Mesa do Parlamento

A deputada Rosa Darriba Calviño e os deputados Francisco Trigo Durán, Xosé Henrique Rodríguez Peña e Emilio López Pérez, pertencentes ó Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG) e membros da Comisión 2.^a, ó abeiro do Regulamento da Cámara, solicitan desa Mesa que se proceda, coa maior brevidade posible, á tramitación da comparecencia do Sr. conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda perante esa Comisión, para explicarlas contradicións existentes entre a propaganda e a realidade nos investimentos en ferrocarril.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 1998

Asdo.: Rosa Darriba Calviño

Francisco Trigo Durán

Xosé Henrique Rodríguez Peña

Emilio López Pérez

Deputada e deputados do G.P. do BNG

4.3. PREGUNTAS

4.3.1. PREGUNTAS ORAIS EN PLENO

Pregunta oral en Pleno, formulada por D.^a Rosa Darriba Calviño e D. Francisco Trigo Durán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación na que se atopa a construción dun novo porto na Guarda (núm. 5.583).

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 20 de outubro de 1998, admitiu a trámite o escrito formulado por D.^a Rosa Darriba Calviño e D. Francisco Trigo Durán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación na que se atopa a construción dun novo porto na Guarda (núm. 5.583).

Cualificouse como pregunta con resposta oral en Pleno.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 1998

Celso Delgado Arce

Vicepresidente 1.^º

Á Mesa do Parlamento

Rosa Darriba Calviño e Francisco Trigo Durán, deputada e deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presentan para a súa resposta oral en Pleno a seguinte pregunta.

Antecedentes

Unha vez máis temos que insistir na necesidade de construír un porto na Guarda que poida acolle-la ampla flota pesqueira da zona, así como servir de refuxio para tódalas embarcacións, portuguesas e galegas, que faenan na zona.

Sabido é que o porto existente, construído hai máis de cen anos e sobre o que se viñeron facendo reformas que en lugar de melloralo conseguiron ilo inutilizando, non pode nin acolle-las pequenas embarcacións, que durante o inverno teñen que facer base en Baiona.

A existencia deste porto suporía o relanzamento económico da Guarda e de toda a comarca do Baixo Miño, cuestión da que tamén está moi necesitada.

A anteriores preguntas sobre esta cuestión, contéstousenos que se estaban a realizar varios proxectos para estudar cál deles podería dar cumprimento á demanda do sector pesqueiro da Guarda, respaldada amplamente por entidades da zona e cidadanía en xeral.

Pasou xa un tempo prudencial, que consideramos suficiente, para que os proxectos e estudos pertinentes estean elaborados e analizados, polo que formulámo-la seguinte pregunta para a súa resposta en Pleno:

¿En que situación se atopa a construción dun novo porto na Guarda?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 1998

Asdo.: Rosa Darriba Calviño

Francisco Trigo Durán

Deputada e deputado do G.P. do BNG

4.3.2. PREGUNTAS ORAIS EN COMISIÓN

Preguntas orais en Comisión formuladas

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 20 de outubro de 1998, admitiu a trámite e cualificou como preguntas orais, acordando a súa tramitación na Comisión que se expresa, os escritos que a seguir se relacionan:

Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios:

- De D.ª Rosa Darriba Calviño e D.ª María Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o depósito de pneumáticos usados nunha leira rodeada de arborado e próxima a unha gasoliñeira na Reigosa (Ponte Caldelas), as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Medio Ambiente para evitar estas situacións e a normativa existente ó respecto (núm. 5.572).

- De D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o estado de total deterioración da estrada comarcal de Liber-O Portelo, no concello de Cervantes (Lugo) (núm. 5.573).

- De D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a creación dunha praia fluvial no contorno do río Cabe, en Monforte de Lemos (núm. 5.574).

- De D. Alfredo Suárez Canal e D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o atraso no remate da estrada Ourense-Lugo (núm. 5.576).

- De D.ª Rosa Darriba Calviño e D. Francisco Trigo Durán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da demora do selado do vertedoiro de cabo Silleiro e as previsións existentes respecto do da Guarda (núm. 5.584).

- De D.ª Rosa Darriba Calviño e D. Francisco Trigo Durán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións existentes respecto da dragaxe da dársena do porto da Guarda e a dotación a este dos servizos mínimos necesarios (núm. 5.585).

- De D.ª Rosa Darriba Calviño e D. Francisco Trigo Durán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a consellería competente e as razóns da non posta á disposición do Ministerio de Medio Ambiente

dos terreos adxacentes ó río Louro para a realización das obras do seu saneamento e as xestións ou o prazo previsto para o seu remate (núm. 5.586).

Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego:

- De D. Xosé Francisco Ferreiro Abelleira, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da demora da incorporación ós postos de traballo dos opositores e opositoras aprobados nas oposicións realizadas no Hospital Provincial de Ourense (núm. 5.588).

Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes:

- De D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación do saneamento gandeiro no concello de Xove (núm. 5.571).

Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo:

- De D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a pesca da anguía nos cañeiros de Portomarín (núm. 5.575).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 1998

Celso Delgado Arce
Vicepresidente 1.º

Pregunta oral en Comisión, formulada por D.ª Rosa Darriba Calviño e D.ª María Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o depósito de pneumáticos usados nunha leira rodeada de arborado e próxima a unha gasoliñeira na Reigosa (Ponte Caldelas), as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Medio Ambiente para evitar estas situacións e a normativa existente ó respecto (núm. 5.572. Comisión 2.ª).

Á Mesa do Parlamento

Rosa Darriba Calviño e María Salomé Álvarez Blanco, deputadas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presentan para a súa resposta oral na Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras

Públicas, Medio Ambiente e Servicios, a seguinte pregunta.

Antecedentes

Recentemente efectuouse unha denuncia ante o Servicio de Protección da Natureza da Garda Civil polo depósito de miles de pneumáticos usados na Reigosa (Ponte Caldelas), nunha leira rodeada de arborado e próxima a unha gasoleneira, polo que ademais este vertedreiro supón un perigo máis en caso de incendio, debido a que o material é moi inflamable e ademais o fume da súa combustión é tóxico.

Cabe a posibilidade de que este depósito de pneumáticos usados sexa propiedade dalgunha das empresas que se dedican á reciclaxe destes materiais.

Polo exposto, formulámo-las seguintes preguntas:

1.ª) ¿Que actuacións levou a cabo a Consellería de Medio Ambiente para evitar situacións coma esta?

2.ª) ¿Cal é a empresa responsable deste depósito de pneumáticos?

3.ª) ¿Recibiu esta empresa algunha axuda ou subvención da Consellería de Medio Ambiente para a recollida e o tratamento destes residuos?

4.ª) ¿Que condicións de depósito e almacenaxe hai establecidas para este tipo de residuos?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 1998

Asdo.: Rosa Darriba Calviño

María Salomé Álvarez Blanco

Deputadas do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o estado de total deterioración da estrada comarcal de Liber-O Portelo, no concello de Cervantes (Lugo) (núm. 5.573. Comisión 2.ª).

Á Mesa do Parlamento

Emilio López Pérez, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, formula a seguinte Pregunta, para a súa contestación oral na Comisión de Ordenación Territorial, Obras Públicas,

Medio Ambiente e Servicios, referida ó estado de total deterioración da estrada comarcal de Liber-O Portelo, no concello de Cervantes (Lugo).

Segundo moción conxunta de tódolos grupos municipais do Concello de Cervantes, presentada o pasado 26 de maio, acordouse levar escrito á delegación territorial no que se informa do estado de total deterioración da estrada comarcal de Liber-O Portelo, que ten unha lonxitude aproximada de 27 quilómetros. É unhas das principais arterias de comunicación interna do concello e tamén comunica con outros concellos como Becerreá, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro e mais coa comunidade autónoma de León. Non se pode falar dunha estrada asfaltada senón dunha serie continuada de furados. No lugar de Vilanova produciuse un corrento de terras que desprazou ata árbores. Escarabellouse á beira do monte cunha escavadora para evita-la incomunicación e non se fixo máis nada.

Podemos concluír que non se coñece en toda a provincia de Lugo outra estrada en tal estado. Malamente podemos falar de turismo rural con estas estradas. Sería imprescindible a súa reconstrución e a mellora do trazado.

Ante esta situación formulámo-las seguintes preguntas:

¿Por que razón a Consellería de Política Territorial non deu contestación ás demandas da Corporación Municipal en Pleno de Cervantes?

¿Acaso a consellería non ten información polos seus propios medios da situación desta estrada? ¿Váiselle contestar á Corporación Municipal de Cervantes?

¿Pénsase aborda-lo arranxo da dita estrada?, ¿que tipo de arranxo?, ¿cando?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1998

Asdo.: Emilio López Pérez

Deputado do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a creación dunha praia fluvial no

contorno do río Cabe, en Monforte de Lemos (núm. 5.574. Comisión 2.ª).

Á Mesa do Parlamento

Emilio López Pérez, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, formula a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión, referida á creación dunha praia fluvial no contorno do río Cabe, en Monforte de Lemos.

En moitas vilas galegas, e Monforte reúne excelentes condicións, téñense adaptado espazos no contorno do río para a creación de praias fluviais. En Monforte, xa na entrada do río Cabe, na área urbana ou semiurbana, atópanse espazos do río que tradicionalmente se usaron como zonas libres de recreo e para o baño.

Sen necesidade de estraga-lo existente e aproveitando e mellorando a riqueza e a variedade de árbores, plantas e incluso aves e outra fauna, é posible a creación dun importante espazo de lecer. O propio clima de Monforte permitiría o aproveitamento deste espazo durante varios meses ó ano.

Non só para os monfortinos, senón tamén para outra moita xente que en períodos vacacionais se achega pola cidade do Cabe, sería de interese un espazo público e gratuíto para desfrutar do río e da natureza.

Resulta estraño que despois de terse gastado grandes sumas de diñeiro en áreas recreativas nesa comarca, que nalgúns casos nin se usan, as autoridades da Xunta de Galicia se esquecesen de Monforte. É por iso polo que nós preguntamos:

¿Vai a Xunta de Galicia analiza-la posibilidade de creación dunha praia fluvial e unha área recreativa no contorno do río Cabe, en Monforte de Lemos?

¿Tratouse este tema coas autoridades locais?

¿Hai algunha razón especial que impida esta actuación?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1998

Asdo.: Emilio López Pérez
Deputado do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Alfredo Suárez Canal e D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o atraso no remate da estrada Ourense-Lugo (núm. 5.576. Comisión 2.ª).

Á Mesa do Parlamento

Alfredo Suárez Canal e Emilio López Pérez, deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión, sobre o atraso no remate da estrada Ourense-Lugo.

Unha evidencia da ineficacia da Xunta á hora de xestionar infraestruturas é a estrada de comunicación entre Ourense e Lugo (N-540).

Parece a obra do Escorial: non se resolven tres ou catro “trampas” entre Chantada e Guntín, onde os tramos novos xa realizados están sen rematar e se comunican cos vellos, o que provoca unha inseguridade vial que xa ten levado a accidentes graves; non se resolven as obras complementarias que permitan abri-la variante de Taboada; non se acondiciona parte do firme entre Guntín e Lugo, que nalgúns tramos debe levar máis de vinte anos sen mantemento ningún. A unha obra que se iniciou hai máis de cinco anos aínda hoxe non se lle ve o horizonte de remate. Insistimos, con auténticos funís ó conectar tramos vellos con novos, mesmo nas inmediacións de Guntín ou en Vilela.

E estamos a falar da principal vía de comunicación da Galicia interior, é dicir, a estrada que comunica as dúas cidades máis importantes da Galicia interior, Lugo e Ourense.

Sorprende a pasividade da Xunta para resolve-lo problema, porque ademais non estamos a falar de investimentos multimillonarios senón de cantidades que parece ridículo que non se acaben de consignar orzamentariamente para resolve-lo problema.

Nos orzamentos do Estado do 99 figura unha partida de 50 millóns de pesetas para a conexión Ourense-Lugo que, primeiro, non sabemos a qué tramos e obras obedece, e realmente non vai servir para resolver tódolos problemas existentes nesta comunicación. En calquera caso, aínda sendo conscientes de que as cantidades que se precisan son reducidas, parécennos

totalmente insuficientes para resolver tódolos problemas e trampas que existen nesa comunicación, incluíndo a actuación na chegada a Guntín e a mellora no firme dende Guntín a Lugo. Os propios orzamentos establecen para o 2000 unha partida de 150 millóns, o que certifica a incapacidade da Xunta para cumprir-las consignacións orzamentarias que rematen coa “historia interminable”.

Así, parécenos que a actividade da Xunta ó longo destes anos é de absoluta ineficacia na xestión da solución definitiva desta obra.

Somos conscientes de que este tramo do que falamos non é nunha estrada de competencia galega, pero un executivo preocupado pola realidade do país, en especial das comunicacións da Galicia interior, non podería estar impasible ante a situación desta estrada.

Así, queremos preguntar:

1.º) ¿Dende o inicio das obras de comunicación da estrada entre Ourense e Lugo fixo a Xunta algunha xestión para incentivar-lo seu remate?

2.º) ¿Como é posible que queden varias “trampas” sen resolver onde xa se teñen producido accidentes graves e a Xunta consente que pasen anos sen rematalas obras?

3.º) ¿Coñece a Xunta as razóns porque a consignación orzamentaria que figura no ano 99 non resolve tódolos problemas existentes?

4.º) ¿De que actuacións ten coñecemento a Xunta que se van abordar?

5.º) ¿Resólvese o tramo final pouco antes de Guntín, preto do río?

6.º) ¿Considera a Xunta eficaz unha xestión que é incapaz de resolver un problema aparentemente tan sinxelo e de tan escasa relevancia orzamentaria pero que é nembargantes unha comunicación vital para o interior de Galicia?

7.º) ¿Parécelle lóxico que se leve máis de dous anos sen actuar sobre as “trampas” que quedaron de actuacións anteriores?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1998

Asdo.: Alfredo Suárez Canal

Emilio López Pérez

Deputados do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D.ª Rosa Darriba Calviño e D. Francisco Trigo Durán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da demora do selado do vertedoiro de cabo Silleiro e as previsións existentes respecto do da Guarda (núm. 5.584. Comisión 2.ª).

Á Mesa do Parlamento

Rosa Darriba Calviño e Francisco Trigo Durán, deputada e deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presentan para a súa resposta oral na Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios, a seguinte pregunta.

Nos pasados anos anunciouse en distintas comparecencias do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (CPTOPV), que naquel momento tiña as competencias en materia de medio ambiente, a desaparición e o selado do vertedoiro de cabo Silleiro.

O tempo pasou e a pesar de manifestarse por parte do Sr. Cuíña que incluso xestionou fondos europeos para a realización do devandito selado, o certo é que o vertedoiro segue no mesmo lugar, como exemplo de promesas incumplidas e mostra clara de que a política da Xunta responde a un continuo exercicio propagandístico.

Á vista do anterior, presentámo-la seguinte pregunta:

1.ª) ¿Cal é a razón de non terse selado, se había fondos, o vertedoiro de cabo Silleiro?

2.ª) Tendo en conta que nas mesmas condicións se atopa o da Guarda, ¿cal é a previsión de selado deste vertedoiro?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 1998

Asdo.: Rosa Darriba Calviño

Francisco Trigo Durán

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D.^a Rosa Darriba Calviño e D. Francisco Trigo Durán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións existentes respecto da dragaxe da dársena do porto da Guarda e a dotación a este dos servizos mínimos necesarios (núm. 5.585. Comisión 2.ª).

Á Mesa do Parlamento

Rosa Darriba Calviño e Francisco Trigo Durán, deputada e deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presentan para a súa resposta oral na Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, a seguinte pregunta.

Antecedentes

O porto da Guarda, se é que se pode considerar como tal, presenta unha serie de carencias que dificultan aínda máis o labor dos mariñeiros que teñen que utilizalo. Obras como o paseo marítimo ou o recente recheo reduciron en boa medida o espazo portuario, co agravante de que o citado recheo dificulta ademais a entrada e saída do porto con mal tempo, situación habitual neste porto durante o inverno.

Posiblemente como resultado destas obras cada vez hai menos profundidade, polo que precisaría dunha urxente dragaxe para que as embarcacións que o utilizan poidan fondear.

Carece así mesmo de servizos mínimos imprescindibles en calquera porto; gasóleo, auga, toma de corrente, punto de atracada (non se pode atracar coa marea devalada)... son algunhas das carencias que precisan de urxente solución.

Polo exposto, presentan a seguinte pregunta:

1.ª) ¿Ten previsto realizar unha dragaxe da dársena do porto da Guarda?

2.ª) ¿Ten previsto dotar dos servizos mínimos expostos o porto da Guarda?

3.ª) Se ten a previsión, ¿cal é a data de realización da dragaxe e da dotación dos servizos?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 1998

Asdo.: Rosa Darriba Calviño

Francisco Trigo Durán

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D.^a Rosa Darriba Calviño e D. Francisco Trigo Durán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a consellería competente e as razóns da non posta á disposición do Ministerio de Medio Ambiente dos terreos adxacentes ó río Louro para a realización das obras do seu saneamento e as xestións ou o prazo previsto para o seu remate (núm. 5.586. Comisión 2.ª).

Á Mesa do Parlamento

Rosa Darriba Calviño e Francisco Trigo Durán, deputada e deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presentan para a súa resposta oral na Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, a seguinte pregunta.

Antecedentes

Repetidamente o conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (CPTOPV) ten dito por activa e por pasiva durante varios anos que ía acometerlo saneamento completo integral do río Louro.

O tempo pasou e ese saneamento anunciado non se levou a cabo, o que amosa o continuo engano e xogo de farol da consellería e do seu conselleiro responsable, que en sesión parlamentaria ten anunciado repetidamente a creación destas obras de infraestrutura, namentres o alcalde do Porriño anuncia tamén repetidamente que a non execución das obras é debido a non poñer á disposición do Ministerio de Obras Públicas antes, agora do de Medio Ambiente, os terreos necesarios para a execución da obra, de acordo cos compromisos adquiridos no seu día.

Diante desta situación e considerando que se está a causar un grave prexuízo no medio ambiente e no contorno natural da conca do río Louro, o que implica tamén unha contaminación permanente no río Miño e todo o seu sistema, é polo que presentámo-las seguintes preguntas:

1.ª) ¿Correspóndelle á CPTOPV ou á Consellería de Medio Ambiente a posta á disposición dos terreos adxacentes ó río Louro para a realización das obras de saneamento deste por parte do Ministerio de Medio Ambiente?

2.ª) ¿Cal é a razón de non poñelos á disposición ó cabo de tanto tempo de anuncia-la realización das obras?

3.ª) ¿Cales son as xestións que prevé para que se realice o saneamento integral do río Louro?

4.ª) Se as fixo, ¿para cando está previsto o remate do devandito saneamento integral?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 1998

Asdo.: Rosa Darriba Calviño

Francisco Trigo Durán

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Xosé Francisco Ferreiro Abelleira, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da demora da incorporación ós postos de traballo dos opositores e opositoras aprobados nas oposicións realizadas no Hospital Provincial de Ourense (núm. 5.588. Comisión 5.ª).

Á Mesa do Parlamento

Xosé Francisco Ferreiro Abelleira, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Derivado do remate do proceso selectivo no Hospital Provincial de Ourense, o mes de maio foi publicado no DOG o nomeamento de tódolos opositores e opositoras que superaron as oposicións e, polo tanto, que están á espera de poder incorporarse ós seus novos postos de traballo. Na actualidade (outubro) insolitamente non se produciu a dita incorporación, situación que está a crear un lóxico malestar nos afectados sen que se dese unha razoable xustificación por parte do Sergas nin da dirección do Hospital Provincial.

Polo exposto, é preciso face-las seguintes preguntas:

1.ª) ¿Que tipo de problemas de índole técnico-sanitaria imposibilitan a incorporación dos opositores e opositoras aprobados?

2.ª) ¿É habitual esta longa espera para a incorporación ós postos de traballo nos distintos centros dependentes do Sergas?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 1998

Asdo.: Xosé Francisco Ferreiro Abelleira

Deputado do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación do saneamento gandeiro no concello de Xove (núm. 5.571. Comisión 7.ª).

Á Mesa do Parlamento

Emilio López Pérez, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, formula a seguinte Pregunta, para a súa contestación oral na Comisión de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, referida á situación do saneamento gandeiro no concello de Xove.

Levamos xa varios anos sufrindo unha situación especial de contaxio de brucelose no vacún de varios concellos do norte de Lugo. Este ano vense afectadas, de xeito alarmante, algunhas parroquias do concello de Xove.

A consellería debería dispoñer a estas alturas, e despois de experiencias como a de Abadín, de datos que lle permitiran ter algo máis controlada a situación.

Ó seren moitas as explotacións que teñen que sacrificar toda a súa gandería, pódese poñer en perigo o futuro económico e social de áreas rurais, xa moi deprimidas e abandonadas. En casos como o que nos estamos a referir, a administración debería tomar medidas suplementarias para facer viables de novo as explotacións, e para evitar no futuro novos focos contagiosos.

Tendo en conta esta especial situación, dirixímonos á consellería para coñecer con rigor as medidas que se pensan adoptar:

¿Cales son os resultados da última campaña de saneamento gadeiro nos concellos de Xove, Viveiro, Abadín e Mondoñedo?

¿Existe control tanto do gando do monte coma do da casa?

¿Como pode afecta-la economía das explotacións, sobre todo en Xove, o sacrificio masivo de reses?

¿Vanse tomar algunhas medidas especiais?

¿Contarán estas explotacións con axudas suplementarias ou con gando de repoboación?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1998

Asdo.: Emilio López Pérez

Deputado do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a pesca da anguía nos caneiros de Portomarín (núm. 5.575. Comisión 8.ª).

Á Mesa do Parlamento

Emilio López Pérez, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, formula a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión, referida á pesca da anguía nos caneiros de Portomarín (Lugo).

Resulta cando menos sorprendente que para realizar aproveitamentos de anguías mediante a pesca nalgúns caneiros de Portomarín sexa preceptivo pertencer a unha asociación chamada O Carrual. Cando se conceden licencias nun tramo de río, estas teñen que ser para tódolos que dispoñan das artes axeitadas e en igualdade de condicións. Non se pode facer pasar pola rede dunha asociación particular a quen reúne, segundo a lei, as características axeitadas para desfrutar duns dereitos.

A administración do Partido Popular está afacéndose a sobarda-la legalidade, creando entes particulares para supli-las funcións das institucións e benefi-

ciarse politicamente das necesidades dos cidadáns ó venderlles como favor aquilo que lles corresponde por dereito.

Os amaños e malabarismos para salta-la legalidade non serven no caso que nos ocupa. Se o que se pretende facer é un traballo científico, será realizado por persoas especializadas da consellería con eses fins exclusivos. Se o que queremos é favorecer-la circulación das especies piscícolas migratorias, obriguémo-las empresas que aproveitan os encoros a poñe-las escadas e os medios precisos, e así desfrutaríamos todos non só das anguías, senón do salmón, da lamprea e doutras especies. Por iso, temos que preguntar:

¿Váiselles da-la mesma oportunidade de pescar anguías a tódolos que desfruten de caneiros, no concello de Portomarín, nos ríos Miño e Ferreira?

¿Cales son os fins científicos que se perseguen?

¿Que cantidade de anguías se pensa pescar?
¿Cantas se pensan trasladar a outras zonas do río ou do mar?

¿Canto vai custar-lo dito proxecto?

¿Que persoal especializado vai traballar?

¿Canto se lles vai pagar ós que participen no programa?

¿Por que a consellería non lles formula a esixencia ás empresas que explotan os encoros de construír escadas para as especies migratorias?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1998

Asdo.: Emilio López Pérez

Deputado do G.P. do BNG

4.3.3. PREGUNTAS POR ESCRITO

Preguntas por escrito formuladas

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 20 de outubro de 1998, admitiu a trámite e cualificou como preguntas con resposta escrita os documentos que a seguir se relacionan:

- De D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións de mellora da subministración de enerxía eléctrica na comarca do Deza (núm. 5.568).

- De D. Xesús Vega Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da paralización da execución do proxecto de mellora do firme e acondicionamento da estrada AC-261, entre Aríns e O Rodiño, e as previsións respecto do seu reinicio e remate definitivo (núm. 5.580).

- De D. Xesús Vega Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a construción dun novo centro de ensino secundario en Frades e as previsións respecto do comezo e remate das obras (núm. 5.581).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 1998

Celso Delgado Arce
Vicepresidente 1.º

Pregunta por escrito, formulada por D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións de mellora da subministración de enerxía eléctrica na comarca do Deza (núm. 5.568).

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta escrita, relativa ás previsións de mellora de subministración de enerxía eléctrica na comarca do Deza.

Desde a subestación transformadora localizada en Lalín saen liñas cunha potencia de 22 kV que alimentan os concellos da comarca do Deza (Silleda, Forcarei, Dozón, Rodeiro, Vila de Cruces e Agolada) e que proporcionan electricidade de uso doméstico que se distribúe desde os correspondentes centros de transformación.

Frecuentes cortes de luz, ou baixadas de tensión ocasionadas por unha sobrecarga nas liñas, con conse-

cuencias na distribución para uso doméstico, comercial ou industrial, e polo tanto tamén económico, fan necesario que o Goberno galego adopte as medidas oportunas para a mellora do servizo.

Nese sentido, bótase en falta unha liña de media tensión que una as subestacións de Lalín e A Estrada co obxecto de fecha-lo anel coa liña procedente de Chantada e garantir en maior medida a igualdade de condicións de cidadáns, explotacións agrarias, comercio e industrias á hora de acceder a un servizo que deba estar salvagardado pola Administración galega.

Choca especialmente o paso agresivo dunha liña de alta tensión de 400.000 voltios da Rede Eléctrica de España pola comarca (casos como o de Merza ou a serra do Candán son ben elocuentes) coa deficiencia de subministración eléctrica en todo O Deza.

Estas son as razóns que levan o BNG a formula-la seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

1.ª) ¿Que avaliación realiza o Goberno galego respecto da subministración de enerxía eléctrica na comarca do Deza?

2.ª) ¿De que datos dispón a Consellería de Industria sobre cortes de luz e baixadas de tensión nesta comarca?

3.ª) ¿Ten previsto adoptar algunha medida para mellorar este servizo? En caso positivo, ¿cales?, ¿en que prazo?

4.ª) Especificamente, ¿tense previsto insta-la empresa Unión Fenosa para que proceda á colocación dunha liña de media tensión entre as subestacións de Lalín e A Estrada?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1998

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG

Pregunta por escrito, formulada por D. Xesús Vega Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da paralización da execución do proxecto de mellora do firme e acondicionamento da estrada AC-261, entre Aríns e O Rodiño, e as previsións respecto do seu reinicio e remate definitivo (núm. 5.580).

Á Mesa do Parlamento

Xesús Vega Buxán, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta por escrito.

O proxecto de mellora do firme e acondicionamento da estrada AC-261, entre Aríns e O Rodiño, comezou a ser executado no pasado mes de xullo despois de ser adxudicada a obra en case 150 millóns de pesetas. Sen embargo, ó remate do mes de agosto, rexistrouse a paralización das devanditas obras sen que existise unha explicación oficial de semellante incidencia.

É por iso polo que presentámo-las seguintes preguntas:

1.^a) ¿Por que se paralizou a execución do proxecto de mellora do firme e acondicionamento da estrada AC-261, entre Aríns e O Rodiño?

2.^a) ¿Cando se reiniciarán as obras? ¿Cando está previsto o seu remate definitivo?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 1998

Asdo.: Xesús Vega Buxán

Deputado do G.P. do BNG

Pregunta por escrito, formulada por D. Xesús Vega Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a construción dun novo centro de ensino secundario en Frades e as previsións respecto do comezo e remate das obras (núm. 5.581).

Á Mesa do Parlamento

Xesús Vega Buxán, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta por escrito.

O pasado 10 de febreiro do presente ano, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria contestoulle a este deputado que o comezo da construción dun novo centro de ensino secundario en

Frades ficaba pendente da cesión de terreos por parte do concello. Afirmábase, tamén, que o propio encargo do proxecto dependía da devandita cesión.

Neste momento existe xa un acordo do Concello de Frades que posibilita a cesión de terreos para o novo instituto. Non hai constancia oficial, sen embargo, dos trámites acometidos pola consellería para facer realidade esta necesaria obra pública no prazo temporal máis curto.

É por iso que presentámo-las seguintes preguntas:

1.^a) ¿Que pasos deu a Consellería de Educación para construí-lo novo centro de ensino secundario en Frades?

2.^a) ¿Cando van comeza-las obras do devandito centro?

3.^a) ¿Que prazo de remate está previsto?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 1998

Asdo.: Xesús Vega Buxán

Deputado do G.P. do BNG

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.1.1 LEIS
 - 1.1.2 REGULAMENTO DO PARLAMENTO
 - 1.1.3 NORMAS COMPLEMENTARIAS E RESOLUCIÓNS INTERPRETATIVAS DO REGULAMENTO
 - 1.1.4 CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.2.1 PROXECTOS DE LEI
 - 1.2.2 PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.2.3 PROPOSICIÓNS DE LEI DE INICIATIVA POPULAR
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 - 1.3.1 PROPOSICIÓNS DE REFORMA DO REGULAMENTO DO PARLAMENTO
 - 1.3.2 PROPOSICIÓNS DE LEI PARA PRESENTAR PERANTE O CONGRESO DOS DEPUTADOS
 - 1.3.3 PROPOSTAS DE CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS
2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.1.1 DECRETOS LEXISLATIVOS
 - 3.1.2 OBXECCIÓNS
 - 3.1.3 DICTAME DA COMISIÓN
 - 3.1.4 RESOLUCIÓN DO PLENO
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.2.1 COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.2.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.2.3 RESOLUCIÓNS APROBADAS
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.3.1 PROGRAMAS E PLANS
 - 3.3.2 INFORME DA PONENCIA
 - 3.3.3 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.3.4 RESOLUCIÓNS APROBADAS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.5.1 MOCIÓNS
 - 3.5.2 EMENDAS ÁS MOCIÓNS
 - 3.5.3 MOCIÓNS APROBADAS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.1.1 PROPOSICIÓNS
 - 3.6.1.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
 - 3.6.1.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.6.2.1 PROPOSICIÓNS
 - 3.6.2.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
 - 3.6.2.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.7.1 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA E A MESA
 - 3.7.2 DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS
 - 3.7.3 OUTRAS RESOLUCIÓNS
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 - 3.8.1 MEMORIA ANUAL DO CONSELLO DE CONTAS E INFORME DA CONTA XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 3.8.2 INFORMES SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO
4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.1.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN PLENO
 - 4.1.2 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.3.1 PREGUNTAS ORAIS EN PLENO

- 4.3.2 PREGUNTAS ORAIS EN COMISIÓN
 - 4.3.3 PREGUNTAS POR ESCRITO
 - 4.4 RESPÓSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 - 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE Ó GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.3.1 NORMAS RELATIVAS Ó VALEDOR DO POBO
 - 5.3.2 INFORMES DO VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.4.1 NORMAS RELATIVAS Ó CONSELLO DE CONTAS
 - 5.4.2 INFORMES DO CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.1.1 COMPOSICIÓN DO PLENO
 - 7.1.2 COMPOSICIÓN DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
 - 7.1.3 COMPOSICIÓN DA MESA DO PARLAMENTO
 - 7.1.4 COMPOSICIÓN DA MESA-XUNTA DE PORTAVOCES
 - 7.1.5 COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS
 - 7.1.6 COMPOSICIÓN DA MESA DAS COMISIÓNS
 - 7.1.7 COMPOSICIÓN DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.2.1 NORMAS DE RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.2.2 ESTATUTO DOS DEPUTADOS E GRUPOS PARLAMENTARIOS
 - 7.2.3 ORZAMENTO DO PARLAMENTO
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 - 7.3.1 CONSTITUCIÓN DO PARLAMENTO
 - 7.3.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN POLAS QUE SE CREAN COMISIÓNS
 - 7.3.3 CONVOCATORIAS
 - 7.3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DOS ÓRGANOS DA CÁMARA
 - 7.3.4.1 CONVALIDACIÓN DOS ACORDOS DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
 - 7.3.4.2 NORMAS DE FUNCIONAMENTO DE COMISIÓNS NON PERMANENTES
 - 7.3.4.3 PRÓRROGAS DOS PERÍODOS DE SESIÓNS
 - 7.3.4.4 HABILITACIÓN DE DÍAS HÁBILES
 - 7.3.4.5 DÍAS E HORAS DE REXISTRO DE DOCUMENTOS
 - 7.3.4.6 OUTRAS RESOLUCIÓNS E ACORDOS
 - 7.3.5 DISOLUCIÓN DO PARLAMENTO
 - 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVICIOS DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.3.1 CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA
 - 8.3.2 XESTIÓN ECONÓMICA
 - 8.3.3 CONVENIOS E ACORDOS
 - 8.3.4 AXUDAS E BOLSAS
 - 8.3.5 PUBLICACIÓNS
 - 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS
POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Blanco, María Salomé	(BNG)
2. Álvarez Domínguez, Bautista	(BNG)
3. Álvarez Montes, María Marta	(PP)
4. Álvarez Yáñez, María Antonia	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
5. Barata Quintas, Daniel	(PP)
6. Barreiro Fernández, José Manuel	(PP)
7. Beiras Torrado, Xosé Manuel	(BNG)
8. Caballero Álvarez, Abel	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
9. Casares González, Juan Manuel	(PP)
10. Casares Mouriño, Xabier	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
11. Castro Domínguez, María Nava	(PP)
12. Castro García, Roberto	(PP)
13. Conde Roa, Gerardo	(PP)
14. Cortegoso Fernández, Ramón	(PP)
15. Cortizo Nieto, Miguel	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
16. Couceiro Méndez, Antonio	(PP)
17. Cuiña Crespo, José	(PP)
18. Currás Fernández, Celso	(PP)
19. Darriba Calviño, Rosa	(BNG)
20. Delgado Arce, Celso	(PP)
21. Díaz Díaz, Xosé	(BNG)
22. Domínguez Vaz, Miguel	(PP)
23. Durán Núñez, Alberto	(PP)
24. Fernández Davila, María Olaia	(BNG)
25. Fernández Rosende, Jesús María	(PP)
26. Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco	(BNG)
27. Fraga Iribarne, Manuel	(PP)
28. Gago Álvarez, Castor	(PP)
29. García Campelo, María del Carmen	(PP)
30. García Leira, José María	(PP)
31. García Negro, María Pilar	(BNG)
32. González Ballesta, Justo José	(PP)
33. Guerreiro Carreiras, Anxo	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
34. Gutiérrez Fernández, Eduardo	(BNG)
35. Hernández Cochón, José María	(PP)
36. Juncal Rodríguez, Juan Manuel	(PP)
37. Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
38. López Besteiro, Manuela	(PP)
39. López Casas, Manuel	(PP)
40. López Outeiral, Manuel	(PP)
41. López Pérez, Emilio	(BNG)
42. Losada de Azpiazu, Javier	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
43. Louro Goyanes, Antón	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
44. Madarro González, María Elisa	(PP)
45. Méndez Romeu, José Luis	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
46. Muñoz González, Joaquín	(PP)
47. Nogueira Román, Camilo	(BNG)
48. Orza Fernández, José Antonio	(PP)
49. Palmou Lorenzo, Jesús	(PP)
50. Pazos Varela, Xosé Manuel	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
51. Pedrosa Vicente, Juan	(PP)
52. Pensado Barbeira, Fernando	(PP)
53. Pérez Touriño, Emilio	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
54. Pérez Varela, Jesús	(PP)
55. Pita Varela, Jaime	(PP)
56. Rego González, Ismael	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
57. Rodríguez Feixóo, Alberte Xullo	(BNG)
58. Rodríguez Peña, Xosé Henrique	(BNG)
59. Rodríguez Pérez, Fernando Carlos	(PP)
60. Rodríguez Rodríguez, Dositeo	(PP)
61. Rodríguez Seijas, María Dolores	(PP)
62. Ruíz Rivas, Manuel	(PP)
63. Salazar Bello, Isabel	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
64. Santalices Vieira, Miguel	(PP)
65. Sineiro García, Francisco	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
66. Sotelo Villar, José Enrique	(PP)
67. Suárez Canal, Alfredo	(BNG)
68. Tapia Fernández, María Jesús	(PP)
69. Tello León, Xosé Henrique	(BNG)
70. Trigo Durán, Francisco	(BNG)
71. Varela Pérez, Mauro	(PP)
72. Vega Buxán, Xesús	(BNG)
73. Veiga Pombo, Manuel	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
74. Vila Pérez, José Manuel	(PP)
75. Villarino Santiago, María Dolores	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.

Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. (981) 56 16 00.

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.

Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727
